

MARIA MIRAMONTES

ORIXE

María de los Dolores Miramontes Matos nace en 1895 en Santa María de Guisamo (A Coruña). Sendo militante galeguista é unha figura invisibilizada.

Comeza a traballar con só 11 anos como modista nunha cidade onde estaban a xurdir ideas republicanas e galeguistas. Neste ambiente fórmase coma unha muller crítica, aberta e comprometida.

POLITICA E GUERRA

Dende moi nova participa nos círculos galeguistas e en 1918 xa forma parte das Irmandades da Fala. En 1920 casa con Ánxel Casal, con quen comparte vida, pensamento e militancia. Xuntos impulsan e sosteñen proxectos fundamentais como as Irmandades da Fala, as editoriais Lar e Nós e as Escolas do Ensino Galego.

Mentres María traballa como modista, tamén contribúe á organización e apoio destas iniciativas, desempeñando un papel clave, aínda que pouco visible.

En 1931 trasládanse a Santiago de Compostela, onde participan na creación do Partido Galeguista. María traballa activamente para implicar á sociedade, especialmente ás mulleres, na defensa dunha Galicia con identidade propia.

En 1936 participa na campaña a favor do Estatuto de Galicia e convértese na única muller presente na súa entrega oficial en Madrid.

Co golpe de Estado de 1936, a súa vida dá un xiro trágico. O seu marido, Ánxel Casal, é detido e asasinado. Meses despois, María vese obrigada a exiliarse a Bos Aires, onde continúa traballando como modista e mantendo vínculos coa comunidade galega no exilio.



LEGADO

Durante décadas foi presentada só como “a esposa de”, quedando en segundo plano na historia. Porén, María Miramontes foi moito máis: militante, organizadora e parte esencial do galeguismo.

A súa traxectoria permítenos reflexionar sobre o papel das mulleres na historia, moitas veces esquecidas a pesar da súa importancia. Recuperar a súa figura é recoñecer o seu valor e devolverlle o protagonismo que merece.

FEITOS MAIS IMPORTANTES

- Participación nas Irmandades da Fala; chegando a formar parte da súa dirección e da sección feminina (coñecida como As Irmandiñas).
- Apoio e sostemento de editoriais culturais (Lar e Nós). Aínda que non era autora de obras escritas.
- Funda a escola de Ensino Galego Xunto co seu esposo Ánxel Casal.
- Actuación no Partido Galeguista e no movemento polo Estatuto de Autonomía de 1936. Participou activamente na campaña de apoio ao Estatuto e foi unha das poucas mulleres implicadas na comisión que levou o Estatuto a Madrid para trámite nas Cortes.